

DECRETO DE ALCALDÍA

APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

ANTECEDENTES:

- Proposta da Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2012, de inicio de expediente de contratación, mediante procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria, do contrato do Servizo de vixilancia da saúde e prevención de riscos laborais dopersoal funcionario e laboral do concello de Caldas de Reis.
- Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcóns técnicas que rexerán a contratación, de data 17 de xaneiro de 2012.
- Informe favorable de Secretaría de data 20 de xaneiro de 2012.
- Informe favorable de Intervención de data 25 de xaneiro de 2012.

En uso das atribucións outorgadas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

1º.- Aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto e dispoñer a tramitación por procedemento negociado con publicidade e trámite ordinario do contrato do SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DOPERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, cun orzamento base de licitación de 6.463,47 euros/ano. O prezo anterior queda integrado por:

Actividades de prevención técnica e vixilancia da saúde por importe de 3.896,51 euros. O prezo anterior queda integrado pola suma dos importes do valor estimado do servizo 3.302,13 euros e do ive aplicable 594,38 euros.

Vixilancia da saúde individual (recoñecementos médicos) por importe de 2.566,96 euros (exento de ive).

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcóns técnicas que rexerán dito contrato, por procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria, que se transcribe:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E VIXILANCIA DA SAÚDE DO PERSOAL DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto do contrato e necesidades administrativas a satisfacer

O presente Prego ten por obxecto a contratación do servizo de vixilancia da saúde e a prevención de riscos laborais do persoal funcionario e laboral do Concello de Caldas de Reis.

A referencia que se fai ao persoal do Concello entenderase como:

- Persoal funcionario de carreira, interino ou eventual.
- Personal laboral e contratado en todas as modalidades, xa sexa por convenios, traballos temporais de colaboración social ou promoción de iniciativas locais de emprego, escolas obradoiro ou por cualquier outro soposto ou modalidade.
- Cargos públicos da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial que coticen á Seguridade Social.

Persoas afectadas.- Cen aproximadamente.

A vixilancia médica da saúde comprende:

- a) O deseño, aplicación e coordinación dos plans e programas de actuación preventiva.
- b) A avaliación dos riscos.
- c) A determinación das prioridades.
- d) A información e formación dos traballadores en relación coa medicina do traballo.
- e) Recoñecementos médicos da totalidade da plantilla, que se realizarán en centros situados na provincia de Pontevedra, e serán efectuados por persoal propio do servizo de prevención adxudicatario.

O servizo de prevención de riscos laborais.- Realizarase conforme ó previsto pola Lei 54/2003 e o R.D. 39/1.997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e a codificación correspondente ao vocabulario común de contratos públicos CPV é a seguinte: 851 40000-2 (servizos varios de saúde).

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato do servizo será o procedemento negociado con publicidade sen límite de contratistas, no que a adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de acordo co artigo 169 do TRLCSP.

CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.caldasdereis.com.

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato e existencia de crédito.

O presuposto base de licitación do presente contrato, a efectos de presentación de ofertas polos licitadores ascende a un prezo máximo anual de seis mil catrocentos sesenta e tres euros, con corenta e sete céntimos (6.463,47) EUROS anuais. O prezo anterior queda integrado por:

Actividades de prevención técnica e vixilancia da saúde por importe de 3.896,51 euros. O prezo anterior queda integrado pola suma dos importes do valor estimado do servizo 3.302,13 euros e do iva aplicable 594,38 euros.

Vixilancia da saúde individual (recoñecementos médicos) por importe de 2.566,96 euros (exento de iva).

A tódolos efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden tanto o prezo do contrato como o IVE e demais tributos que sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes. A cantidade correspondente ao IVE figurará como partida independente.

Existe crédito suficiente con cargo á partida 221.16008 do vixente Presuposto Xeral.

A adxudicación queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para garantir as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente. (artigo 110.2 do TRLCSP).

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato

O contrato terá unha duración de dous anos, contado a partir do día 1 de marzo de 2012. O contrato poderá prorrogarse por períodos de un ano, mediante resolución expresa do Concello de Caldas de Reis, sen que a duración total do convenio, incluídas as prórrogas, poida exceder o prazo máximo de catro anos.

As cantidades a percibir polo adxudicatario na prórroga, se a houbera, calcularanse aplicando ao importe da adxudicación do ano inicial, unha vez descontado o IVE, a porcentaxe do 85 % do índice de prezos ó consumo, engadíndose posteriormente o IVE.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato

1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario:

3.1 A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo ao tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. A solvencia técnica dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo de devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medio ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no Concello de Caldas de Reis, en horario de atención ao público, no prazo de quince días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Caldas de Reis.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibiu a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do TRLCSP.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda Proposición para tomar parte no procedemento negociado coen publicidade convocado polo Concello de Caldas de Reis para contratar o Servizo de Vixilancia da Saúde e Prevención de Riscos Laborais do persoal funcionario e laboral do Concello de Caldas de Reis,

A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre “A”: Documentación Administrativa
- Sobre “B”: Proposición Económica

SOBRE «A»

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, verificado de suficiencia polo Secretario da Corporación.

— Se o candidato fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no TRLCSP.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da

adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

d) **Deberá achegarse certificado/autorización ou documento acreditativo de que a empresa está autorizada pola Administración para a prestación destes servizos.**

e) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

f) No seu caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

g) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao candidato.

SOBRE “B” **PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

Presentaranse conforme ó seguinte modelo:

« D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, c/ _____, nº _____, con DNI nº _____, en representación da Entidade _____, con CIF nº _____, enterado do expediente para a contratación de **“SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E VIXILANCIA DA SAÚDE DO PERSOAL DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS”** por procedemento negociado con publicidade, anunciado no Perfil do contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e o acepto integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ó Imposto sobre o Valor Engadido.

En _____, a _____ de _____ de 20 _____.

Sinatura do licitador,

Asdo: _____».

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos.

CLÁUSULA OITAVA. Aspectos Obxecto de Negociación coa Empresa

Para a valoración das ofertas e a determinación da economicamente máis ventaxosa atenderase a:

Menor prezo ofertado. As ofertas valoraranse ata 10 puntos, outorgando 10 puntos á oferta máis baixa das admitidas. A puntuación das restantes establecerase en base á seguinte fórmula:

$$P = \frac{10 \times Y}{X}$$

Onde P é a puntuación que corresponde a cada licitador, X é o prezo da oferta a considerar e Y o prezo da mellor oferta.

Consideraránse ofertas desproporcionadas ou temerarias as que se separen en canto a prezo en máis dun 25% da media aritmética das ofertas presentadas.

CLAÚSULA NOVENA. Mesa de Contratación

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- O Alcalde-Presidente do Concello, que actuará como Presidente da Mesa.
- A secretaria xeral da Corporación, Vogal.
- A interventora da Corporación, Vogal.
- O técnico local de emprego, Vogal.
- Un funcionario municipal, que actuará como Secretario da Mesa.

CLÁUSULA DÉCIMA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Apertura de Ofertas

A Mesa de Contratación constituirase o terceiro día hábil (non sábado) tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, ás dez horas e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres «A».

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións corrixibles observados na documentación presentada.

De seguido, procederase á apertura e exame dos sobres «B».

Rematada a lectura das proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos

considere precisos, para a valoración das mesmos de conformidade cos criterios e as ponderacións establecidas neste Prego.

Recibidos os informes, e reunida de novo a Mesa de Contratación, propondrá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Requerimento da Documentación e Garantía definitiva

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da Lei de Contratos do Sector Público, e o resguardo de ter constituído a garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeción, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.
- c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA Adxudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.
- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitise a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición dos adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- Na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Dereitos e Obrigações

O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo cas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do TRLCSP).

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Execución do Contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no Prego de Prescricións Técnicas, e de acordo coas instrucións que se darán ao contratista para a súa interpretación polo órgano de contratación.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉPTIMA. Modificación do Contrato

De conformidade co artigo 107 do TRLCSP, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.
- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, medio ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato].

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Penalidades por Incumprimento

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción prevista no artigo 212 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imporanse penalidades que serán proporcionais á gravidade do incumprimento, e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituíuse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Subcontratación

Na presente contratación non será posible a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do TRLCSP; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMA PRIMIERA. Pago

O pago efectuarase polo Concello trimestralmente, unha vez transcorrido o trimestre de que se trate e dentro do prazo previsto legalmente, existindo a tal efecto crédito suficiente no vixente Presuposto Xeral.

O adxudicatario deberá acreditar trimestralmente que se atopa ó corrente no pago das obrigacións coa Seguridade Social. A acreditación do anterior axuntarase á factura trimestral.

CLÁUSULA VIXÉSIMA SEGUNDA. Revisión de prezos

Considerando o prazo de execución do contrato, non se autorizará revisión algunha do importe da adxudicación, con independencia do previsto na cláusula quinta do presente prego.

CLÁUSULA VIXÉSIMA TERCEIRA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007 e estea vixente tras a entrada en vigor do RD 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

O órgano de contratación municipal fai constar que os datos de carácter persoal que poida conter o contrato, serán tratados conforme á legislación específica de aplicación, de acordo co disposto na disposición adicional vixésimo sexta do TRLCSP.

TRATAMENTO POR CONTA DE TERCEIROS

A empresa adxudicataria do servizo respecto ao tratamento de datos persoais que se leve a cabo en virtude da prestación de servizos concertada, obrígase:

- a) A tratar os datos de carácter persoal únicamente coa finalidade de prestar os servizos contratados, e non los aplicará nin os utilizará cun fin distinto do estrictamente necesario para a prestación dos devanditos servizos.
- b) A non comunicar os datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude deste contrato a ningún terceiro, nin tan sequera para a súa conservación, exceptuándose expresamente os casos en que dita cesión sexa estrictamente necesaria para a prestación dos servizos contratados.
- c) A adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal aos que teñan acceso en virtude deste contrato, e a esixir o seu cumprimento do persoal ao seu servizo, en función do nivel de seguridade que sexa aplicable aos mesmos, e que eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, xa proveñan da acción humana, física ou natural, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de Carácter Persoal e no Regulamento de desenvolvemento da mesma, aprobado polo R.D. 1720/2007 de 21 de decembro, sen prexuízo do establecido pola Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.
- d) A destruír ou devolver ao encargado do tratamento que **O CONCELLO** designe, en función do establecido pola lexislación aplicable, todos os datos de carácter persoal que obren no seu poder e os que tivese acceso en virtude do presente contrato, ao igual

que calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento, unha vez cumprida a prestación contractual.

e) A gardar segredo profesional dos datos de carácter persoal aínda despois de finalizada a relación xurídica que une ás partes.

A empresa adxudicataria do servizo responderá persoalmente das infraccións en que puidese incorrer no caso de que destine os datos de carácter persoal a outra finalidade, os comunique a un terceiro ou os utilice de forma irregular, así como cando non adopte as medidas de seguridade establecidas no Regulamento de desenvolvemento da LOPD, aprobado polo R. D. 1720/2007, de 21 de decembro, e demais normativa vixente.

En Caldas de Reis, o 17 de xaneiro de 2012
O Alcalde,

Asdo. : Dº Juan Manuel Rey Rey.